

ACTA DA CELEBRACIÓN FASE DE ENTREVISTA, PROBA INFORMÁTICA OBRADOIRO DE EMPREGO 2021

Sendo as 10 horas do día 28.07.2021, reúnen-se na Sala de Plenos da Casa do Concello as persoas designadas pola Resolución de Alcaldía núm. 2021-0862, do 19 de xullo, para a entrevista persoal do proceso de selección de 1 Administrativo/a (Equipo directivo do OBRADOIRO DE EMPREGO "A ESTRADA 2021"), segundo as Bases específicas aprobadas por Resolución de Alcaldía 2021-0811 de 06.07.2021.

Están presentes:

Sanmartín Prieto, Isabel	Presidente	Titular
Vázquez Pernas, Henrique	Vogal	Titular
Lueiro Lemos, Xosé	Vogal	Titular
Rodríguez Varela, Vanessa	Secretaria	Titular
Diego Pernas Fernández	Asesor Especialista	

O acto ten por obxecto realizar a fase da entrevista e a proba de informática ás 2 aspirantes admitidas, así como a proba de coñecemento de galego a unha das aspirantes ao no acreditar estar en posesión do CELGA 4, atendendo ás bases da convocatoria.

Comparecen as 2 aspirantes admitidas:

- 1.- GARCIA REY, RAQUEL
- 2.- OTERO BRAVO, CARMEN

En primeiro lugar lévase a cabo a proba de informática que consistirá na contestación a 1 cuestionario tipo test de 10 preguntas sobre o manexo dos programas libre office write e calc., superando as dúas candidatas a proba práctica.

A continuación e á vista que Raquel García Rey non xustifica estar en posesión do CELGA 4, procédese a realizar a proba de galego, que consiste na tradución ao galego dun texto en castelán, obtendo a condición de APTO.

Seguidamente procédese á fase de entrevista ás 2 candidatas, que consiste en realizar varias preguntas fixadas pola comisión, ás aspirantes convocadas, co obxecto de avaliar a experiencia, traxectoria e coñecementos para participar no proxecto así como as súas aptitudes e capacidades co seguinte resultado:

	APELIDOS, NOME	DNI	PUNTUACIÓN ENTREVISTA
1	GARCIA REY RAQUEL	***3770**	3,5
2	OTERO BRAVO CARMEN	***8239**	4,5

Á vista dos resultados, a Comisión Acorda reunirse o día 29/07/2021 para proceder á segunda fase de avaliación, das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos presentados á entrevista segundo o Baremo que figura nas bases do proceso de selección, e unha vez realizada ésta publicaranse as puntuacións finais



provisionais do proceso de selección e fixarase o día para formular alegacións á valoración segundo o Baremo.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, asinan a presente, en proba de conformidade, os membros da Comisión de Selección.

